

**ACTA 2ª DE APERTURA DE PROPOSICIÓNS DA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADISIMO DO CONTRATO DE OBRA DE: PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019 NO CONCELLO DE BRIÓN.**

Asistentes:

Presidente: José Luis García García, alcalde.

Vogais:

- Javier Nieves González, secretario do Concello.
- Patricia Coence Antelo, interventora do Concello.

Secretaria: Berta Rey Nieto, funcionaria municipal.

Non asiste o vogal: Juan José Lapido Casal, traballador da brigada de obras municipal.

En Brión a 24 de setembro de 2018, sendo as 9,45 horas procédese á apertura da documentación de xustificación das baixas temerarias ou desproporcionadas requirida ás empresas EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL. e EXCAVACIONES POSE SL, incursoas en baixa temeraria.

A empresa EXCAVACIONES POSE SL non presentou por medios electrónicos e asinada electrónicamente a documentación na Plataforma de contratación do sector público como se establece nos pregos, senón que a presentou mediante escrito no Rexistro xeral do Concello.

A empresa EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL presentou correctamente a documentación por medios electrónicos e asinada electrónicamente na Plataforma de contratación do sector público como se establece nos pregos.

A Mesa de Contratación por unanimidade acorda:

**1º)** Excluir do procedemento á empresa EXCAVACIONES POSE SL por non presentar a documentación requirida por medios electrónicos e asinada electrónicamente na Plataforma de contratación do sector público como se establece nos pregos, senón que a presentou mediante escrito no Rexistro xeral do Concello.

**2º)** Pasar a documentación xustificativa presentada pola empresa EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL a informe da arquitecta municipal consonte co disposto na cláusula 15.4.1 do PCAP do expediente.

Remata o acto sendo as 9,52 horas.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretaria, certifico.

